

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 30.09.2020

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 30 de setembro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 720 (11/POC-000049)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Porro Martínez, María Corina e 6 máis
Sobre cal é a avaliación do funcionamento, a actividade e o resultado das medidas de prevención da covid-19 implantadas a través da creación do rexistro de viaxeiros
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 9, do 02.09.2020
- 1.2 863 (11/POC-000097)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre as medidas que se están a levar a cabo no eido do Pacto de Estado contra a violencia de xénero desde a Secretaría Xeral de Igualdade dirixidas ás asociacións de nais e pais
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 9, do 02.09.2020
- 1.3 1606 (11/POC-000257)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as medidas que está a adoptar o Sergas para solucionar a situación en que se encontra a atención primaria na localidade de Moaña e na comarca do Morrazo, así como as actuacións e os prazos previstos ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16, do 17.09.2020

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 1050 (11/PNC-000084)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 2 máis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan efectivo de conciliación que garanta medidas excepcionais para as circunstancias derivadas da pandemia da covid-19 e que lles permita ás familias con

menores ao seu cargo exercer os coidados no caso de contaxio, illamento ou suspensión das actividades lectivas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12, do 08.09.2020

- 2.2 1370 (11/PNC-000126)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis
Sobre a dotación polo Goberno galego dun servizo de garda de Neurocirurxía de vinte e catro horas e a creación dunha unidade de ictus no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo, así como a adopción das medidas oportunas para o completo desenvolvemento do programa Código ictus no conxunto do territorio de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.09.2020
- 2.3 1433 (11/PNC-000131)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia nas residencias de maiores privadas para garantir as condicións sanitarias e asistencias necesarias fronte á covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.09.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020



María Corina Porro Martínez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
María Corina Porro Martínez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
Iria Carreira Pazos	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
María Elena Candia López	P
Marina Ortega Otero	S
José Alberto Pazos Couñago	P
Noelia Pérez López	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
María Elena Suárez Sarmiento	P
Julio Torrado Quintela	S

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 720(11/POC-000049)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e 6 máis

Sobre cal é a avaliación do funcionamento, a actividade e o resultado das medidas de prevención da covid-19 implantadas a través da creación do rexistro de viaxeiros

Publicación iniciativa vía urxencia, 9, 02.09.2020

Á Mesa do Parlamento

María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A COVID- 19 é unha infección respiratoria emerxente causada polo SARS-CoV-2, un coronavirus que se detectou por primeira vez en decembro de 2019 na cidade de Wuhan, China. Este abrocho inicial en Wuhan propagouse rapidamente, afectando outras áreas de China e posteriormente a outros países.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra esta pandemia.

En España, o primeiro caso de COVID-19 foi detectado a finais do mes de xaneiro e dende entón, o número de contaxios aumentou de maneira progresiva e a gran velocidade o que deu orixe a unha crise sanitaria sen



precedentes que requiriu a adopción de medidas excepcionais co obxectivo de protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter o progreso da enfermidade e mitigar o impacto sanitario. Con esta finalidade, o pasado 14 de marzo declarouse o Estado de Alarma en España. Un día antes da declaración do Estado de Alarma, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia o que obrigou a adoptar unha serie de medidas transitorias dirixidas a garantir ao mesmo tempo, a seguridade dos profesionais sanitarios e dos pacientes mantendo en todo momento, o correcto equilibrio no exercicio de dereitos e obrigas da cidadanía galega.

A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, prevé, no seu artigo primeiro, que co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O pasado 28 de xullo, a Consellería de Sanidade publica a ORDE do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios. O obxecto da presente orde é o establecemento de medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios.

Tendo en conta do tempo transcorrido dende a entrada en vigor de dita Orde, e que está a finalizar o período estival, que é o de máxima afluencia de viaxeiros a esta Comunidade Autónoma, cómpre avaliar o resultado desta medida pioneira.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2020 09:30:00
Nº Registro: 720
Data envío: 25/08/2020 17:37:57.278

Cal é a avaliación do funcionamento, actividade e resultado das medidas de prevención da COVID-19 implantadas a través da creación do Rexistro de Viaxeiros?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Corina Porro Martínez na data 25/08/2020 17:36:12

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/08/2020 17:36:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/08/2020 17:36:38

María Elena Candia López na data 25/08/2020 17:36:55

José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 17:37:11

Noelia Pérez López na data 25/08/2020 17:37:17

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 17:37:28



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 863(11/POC-000097)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as medidas que se están a levar a cabo no eido do Pacto de Estado contra a violencia de xénero desde a Secretaría Xeral de Igualdade dirixidas ás asociacións de nais e pais

Publicación iniciativa vía urxencia, 9, 02.09.2020

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

O artigo 4 do Estatuto de autonomía para Galicia sinala que “lles corresponde aos poderes públicos galegos promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación das galegas e dos galegos na vida política, económica, cultural e social”.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, expresa, no seu Artigo 6 que “o departamento competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, poñerá en marcha, de xeito periódico, campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero. As campañas terán especial divulgación nos medios de comunicación de titularidade pública, nos centros escolares, educativos, sociais, sanitarios, laborais, culturais e deportivos”.

Así, con esta base lexislativa amparada pola nosa Constitución e tamén pola Lei Orgánica do 2004 contra a violencia de xénero, amósase que prima o amparo contra a violencia de xénero. Esta só se percibe cando a visibilidade está no extremo da pirámide, pero hai moitos aspectos que aínda deben modificarse, xa que son manifestacións sutís, ou menos evidentes e en espazos onde a prevención debe ser un foco prioritario, como son os diferentes ámbitos da educación.

Dende os primeiros anos de vida, a escola é un dos contextos de socialización máis importantes. É necesario contar con estratexias concretas de cara ao mestrado, o



alumnado e as familias para poder previr, detectar e frear en caso de que sexa necesario.

Máis de vinte son as medidas específicas de educación no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se aprobou en decembro de 2017 no Congreso dos Deputados, apoiado por tódolos grupos políticos, coa abstención de Podemos. Moitas das iniciativas están a cumprirse hoxe en día na nosa Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

- 1- Que medidas se están a levar a cabo no eido do Pacto de Estado contra a violencia de xénero dende a Secretaría Xeral de Igualdade dirixidas ás Asociacións de Nais e Pais?
- 2- Cal é a valoración que fai o goberno galego das medidas postas en marcha?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 17:28:44

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 17:28:59

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 17:29:11

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 17:29:27

María Elena Candia López na data 26/08/2020 17:29:41

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 17:29:55

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 17:30:02

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 17:30:14



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 1606(11/POC-000257)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que está a adoptar o Sergas para solucionar a situación en que se encontra a atención primaria na localidade de Moaña e na comarca do Morrazo, así como as actuacións e os prazos previstos ao respecto

Publicación da iniciativa, 16, 17.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2020 09:54:48
Nº Rexistro: 1606
Data envío: 10/09/2020 09:54:48.187

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e **Montserrat Prado Cores**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as medidas para solucionar o deterioro da sanidade pública en Moaña.

Exposición de motivos

Nos últimos días son reiterativas as queixas e as denuncias públicas polo deterioro que está a sufrir a atención primaria na localidade de Moaña tanto a nivel particular como dende as institucións locais. Moitas das afectadas colgan nas redes sociais a súa propia experiencia podendo apreciarse que solicitan vez para ir ao médico de cabeceira e danlle cita cunha media de 17 días de atraso, para unha cita non presencial. Algo totalmente inaceptable, e menos nunha situación de alarma producida polo Covid19.

Houbo desgrazas, como a morte de dous bañistas no areal da Xunqueira, onde se evidencio a carencia que ten a Casa do Mar e a Comarca do Morrazo en persoal sanitario e medios., A falta dunha ambulancia medicalizada ou que o servizo de Urgencias se trasladara ao concello de Cangas por presuntas medidas de prevención ante o Covid19 puxeron en evidencia que ante unha urxencia destas características, a ambulancia medicalizada chegou dende outro concello fora da Comarca, nun tempo de 45 minutos. Algo totalmente inasumible.

CSM - REXISTRO DE ENVIOS
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2020 09:54:48
Nº Rexistro: 1606
Data envío: 10/09/2020 09:54:48.187

Isto trouxo como consecuencia que houbera unha gran mobilización social, pedindo que se recuperaran as consultas presenciais, que se dotara a Comarca dunha ambulancia medicalizada, que se recuperara o servizo de Urgencias de Moaña e sobre todo que se repoñan e se realicen as substitución oportunas do persoal que presta os seus servizos en dito centro.

Na actualidade o cadro de persoal da Casa do Mar de Moaña encontrase reducido nun 25% por vacacións ou baixas. Todas elas encontrase sen cubrir. Faltan catro médico, un pediatra, un administrador, a matrona e unha enfermeira. Unha situación intolerable, que evidencia o compromiso espurio do presidente do goberno, Alberto Nuñez Feijóo, cando afirma que esta lexislatura vai ser a lexislatura da sanidade.

Situación que non é casual, que se desenvolve nun contexto de pandemia, onde é preciso reforzar o persoal sanitario para reforzar as medidas de prevención contra o virus e asumir novas tarefas, como o rastrexo, detección e medidas cautelares contra os positivos de Covid-19.

A realidade é que en Moaña ao igual que no resto do País a asistencia primaria pola que aposta Nuñez Feijóo é cada vez máis precaria tratando de dificultar o acceso dos usuarios a estes servizos, cansalos e que moitos deles (os que teñan cartos) adopten solucións pragmáticas, que consiste en desvialos a privada.

Dende o BNG consideramos que a maioría social quere que se reforce o sistema sanitario, que este goberno en vez de propaganda debe asumir as demandas da cidadanía adoptando medidas como reforzar o persoal sanitario, garantir que se cubran as baixas e vacacións, recuperar a atención presencial, dotar a Comarca dunha ambulancia medicalizada, recuperar as Urgencias, constituír unha unidade de rastrexo e seguimento

CSV, REGISTRO DE ENVIOS
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2020 09:54:48
Nº Rexistro: 1606
Data envío: 10/09/2020 09:54:48.187

do Covid-19, elaborar a redacción do proxecto de execución do novo centro de saúde de Sisalde, etc.

Estas son as razóns que levan a formular as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- 1.- Que medidas está a adoptar o Sergas para reforzar o persoal sanitario e garantir que se cubran as baixas e vacacións?
- 2.- Cando se vai recuperar a atención presencial na asistencia primaria?
- 3.- Cando van dotar a Comarca do Morrazo dunha ambulancia medicalizada?
- 4.- Cando se vai recuperar as Urgencias de Moaña?
- 5.- Vaise constituír unha unidade de rastrexo e seguimento do Covid-19 na Casa do Mar de Moaña para detectar os posibles brotes neste concello?
- 6.- Están a elaborar a redacción do proxecto de execución do novo centro de saúde de Sisalde ? Cando teñen pensado elaboralo?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputada e deputado do G.P. do BNG



CSV: REXISTROdeEntrada
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2020 09:54:48
Nº Rexistro: 1606
Data envío: 10/09/2020 09:54:48.187

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 10/09/2020 09:53:33

María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2020 09:53:36

CSV, REGISTRO DE ENVIOS
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 1050(11/PNC-000084)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan efectivo de conciliación que garanta medidas excepcionais para as circunstancias derivadas da pandemia da covid-19 e que lles permita ás familias con menores ao seu cargo exercer os coidados no caso de contaxio, illamento ou suspensión das actividades lectivas

Publicación da iniciativa, 12, 08.09.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 1050
Data envío: 29/08/2020 10:42:16.365

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Marina Ortega Otero, Luis Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Galicia atópase inmersa, xunto ao conxunto do Estado, nun momento sen precedentes, froito da pandemia provocada pola Covid-19 e preto do comezo do ano escolar. As familias con menores a cargo deben conciliar o exercicio laboral coa conciliación familiar, coas particularidades e incerteza do escenario que ofrece a nova situación.

Ante a posibilidade dun contaxio nas aulas que obriguen a corentena ou suspensión de clases, os pais e nais deben afrontar os cuidados dos menores coas consecuencias laborais que iso supón, polo que a demanda dunha resposta por parte da administración competente nesta materia en Galicia e máis necesaria e urxente que nunca.

Para elo é preciso ter en conta ao colectivo de pais e nais e as circunstancias e variabilidade laboral destes. Trátase dunha cuestión fundamental para o conxunto da comunidade, xa que está en xogo, ademais, a produtividade comercial e empresarial nun dos momentos de crise máis complexos por motivos da pandemia, polo que resulta preciso reforzar aínda máis o tecido produtivo do país e máis a conciliación familiar e laboral en circunstancias excepcionais.

Unha das características da Covid é que a poboación de maior risco para o virus é a de idade avanzada, polo que a opción de conciliación mediante a delegación de cuidados dos menores nos avós e avoas aporta un risco adicional para a poboación de maiores naqueles casos nos que se puidese contar con esa posibilidade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRO-HOHA-XPN14
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2020 09:30:00
Nº Registro: 1050
Data envío: 29/08/2020 10:42:16.366

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de conciliación efectivo por parte da Xunta de Galicia que garanta medidas excepcionais para as circunstancias derivadas da pandemia, cunha partida orzamentaria habilitada para tal fin, e que permita ás familias exercer os coidados en caso de contaxio, illamento ou suspensión de actividades lectivas, cunha retribución económica que impida o risco de exclusión nos menores.”

Pazo do Parlamento, 28 de agosto de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Luis Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 29/08/2020 10:34:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/08/2020 10:34:51

Julio Torrado Quintela na data 29/08/2020 10:35:11

Gonzalo Caballero Míguez na data 29/08/2020 10:35:24



CSV REGISTROHECAXPN4

Verificado

<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 1370(11/PNC-000126)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre a dotación polo Goberno galego dun servizo de garda de Neurocirurxía de vinte e catro horas e a creación dunha unidade de ictus no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo, así como a adopción das medidas oportunas para o completo desenvolvemento do programa Código ictus no conxunto do territorio de Galicia

Publicación da iniciativa, 15, 16.09.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2020 13:21:37
Nº Rexistro: 1370
Data envío: 07/09/2020 13:21:37.277

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Otero Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Nestes últimos once anos de goberno do Partido Popular, tanto Galicia como a provincia de Lugo sufriron as consecuencias das malas políticas sanitarias desenvoltas pola Xunta de Galicia. Nun claro desprezo cara os servizos públicos asistimos a exemplos extremos de precarización, con persoal sanitario que chega a asinar máis de 200 microcontratos ao ano.

Unha aposta pola desigualdade, que creaba zonas de cobertura insuficiente ou nas que se deixan de prestar determinados servizos, especialmente no rural. Estas malas políticas afectaron tamén aos grandes hospitais, nos que nesta década se converteu en costume o colapso dos servizos de urxencias, debido á mala planificación do sistema.

No que fai referencia ao principal centro hospitalario de Lugo, os gobernos do PP ao fronte da Xunta de Galicia puxeron de relevo unha situación case que permanente de infradotación de servizos, que non deixaron de ser reclamados polos/as profesionais ou por veciños/as e as entidades agrupadas na Plataforma en Defensa da Sanidade Pública.

Polo menos, desde o ano 2012, veciños/as e profesionais médicos veñen reclamando a creación dunha unidade de ictus no HULA. Unha unidade que permita atender a pacientes con enfermidade cerebrovascular aguda. Estas unidades teñen importancia como centro de recepción de pacientes derivados desde as urxencias extrahospitalarias ou doutros hospitais. Os estudos médicos amosaron que as unidades de ictus melloran as cifras de mortalidade, melloran o proceso de recuperación e diminúen a dependencia das persoas doentes. É ademais unha medida custo-efectiva, xa que diminúe o tempo de estancia media destas persoas.

CSM-REXISTRO Grupo Socialistas
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2020 13:21:37
Nº Rexistro: 1370
Data envío: 07/09/2020 13:21:37.277

Cómpre recordar que na provincia de Lugo sofren anualmente de ictus unhas 800 persoas, dos máis de 100.000 casos que se rexistran en España. O ictus é a primeira causa de morte nas mulleres, e primeira causa de incapacidade en adultos, e estímase que aínda que a súa mortalidade se vai reducindo, a súa incidencia aumentará nun 27 % no próximo cuarto de século. A pesar destas cifras, e das reclamacións repetidas ao longo dos anos, temos chegado ata hoxe sen resposta por parte das autoridades sanitarias da Xunta de Galicia.

Lugo e Ourense son hoxe as dúas provincias que carecen deste tipo de servizo nos seus principais centros hospitalarios. No caso de Lugo, lembrar que o HULA non dispón sequer dun neurociruxán de garda as 24 horas. Coa ironía engadida de que este centro está incluído, como todos os do Sergas, no programa Código Ictus, que busca unha atención temperá e especializada neste tipo de doenza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Dotar no prazo de 6 meses ao HULA dun servizo de garda de neurocirurxía de 24 horas.
2. Poñer os medios necesarios para a creación no HULA dunha unidade de ictus.
3. Adoptar as medidas oportunas para desenvolver por completo o programa Código Ictus no conxunto do territorio galego.

Pazo do Parlamento, 7 de setembro do 2020

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2020 13:21:37
Nº Rexistro: 1370
Data envío: 07/09/2020 13:21:37.277

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 07/09/2020 11:55:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/09/2020 11:55:31

Julio Torrado Quintela na data 07/09/2020 11:55:42

Marina Ortega Otero na data 07/09/2020 11:55:54

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/09/2020 11:56:06



CSX REGISTRO TgrOGnN4M5

Verificación

<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.09.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 1433(11/PNC-000131)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia nas residencias de maiores privadas para garantir as condicións sanitarias e asistenciais necesarias fronte á covid-19

Publicación da iniciativa, 15, 16.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 1433
Data envío: 08/09/2020 09:00:35.786

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza nas residencias de maiores privadas para garantir as condicións sanitarias e asistenciais necesarias fronte á COVID-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de agosto de 2020 a Xunta de Galiza anunciou a intervención da residencia da Fundación San Rosendo situada no Concello do Incio.

A decisión veu motivada pola aparición dun gromo de COVID-19 que atinxía, naquel momento, 67 casos positivos, 59 persoas usuarias e 8 traballadoras/es.

A comezos do mes de setembro (6 de setembro) rexistráranse 12 persoas falecidas, todas elas usuarias dese centro residencial e o número de traballadoras e traballadores contaxiados continuou incrementándose até se situar en 34.

De feito, oito de cada dez persoas usuarias da residencia do Incio contaxiouse da COVID-19 desde que se detectou o gromo.

CSM-REXISTRO7ZAFuzg19
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 08/09/2020 09:30:00

Nº Rexistro: 1433

Data envío: 08/09/2020 09:00:35.786

O caso do Incio non é o único. Así, na residencia DomusVI de Lugo (Outeiro de Rei) hai detectados 46 casos activos entre as persoas residentes; 29 na residencia Orpea de Culleredo e 4 na DomusVI de Lalín en senllos gromos que atinxen tamén persoal traballador destes centros.

En total, o número de persoas contaxiadas en residencias de maiores sitúase a comezos de setembro en 230.

Desde que se decretou en Galiza a emerxencia sanitaria pola COVID-19 as residencias de maiores convertéronse nun dos principais focos de contaxio sendo os centros de titularidade privada os máis afectados.

Malia todo o vivido desde o marzo o Goberno galego non actuou con previsión. Por exemplo, durante os meses de verán a Xunta de Galiza non estivo a facer probas PCR entre o persoal das residencias, tampouco entre aquelas traballadoras e traballadores que se incorporaban das vacacións ou substituían o persoal habitual durante as súas ferias. Para Política Social era suficiente con que cubrisen cuestionarios de auto-avaliación.

Foi só despois de denunciar a CIG publicamente esta situación e os seus riscos cando a Consellaría de Política Social anunciou que se sometería ás probas a este persoal como mecanismo de prevención.

De igual maneira, a intervención por parte da Xunta de Galiza dalgunhas das residencias privadas apenas se produce cando un grumo se dispara.

CSX4_RFX5Y8TROT7ZAuRzgi9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REGISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 08/09/2020 09:30:00

Nº Registro: 1433

Data envío: 08/09/2020 09:00:35.786

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a blindar as residencias de maiores intervindo todas as de titularidade privada co obxectivo de garantir o cumprimento escrupuloso dos protocolos así como a máxima calidade asistencial e sanitaria das persoas residentes.”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2020 08:55:54

Iria Carreira Pazos na data 08/09/2020 08:56:05

CSX: FEXYSTROTZAUrzgI9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2020 09:30:00
Nº Registro: 1433
Data envío: 08/09/2020 09:00:35.786

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2020 08:56:19

CSX4_RFXJSTFROT7ZAuRzgi9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

